

Os primeiros meses da Guerra Betanzos, Xullo-Novembro de 1936

EMILIO GRANDÍO SEOANE*

Cando saía este artigo publicado cumpríranse sesenta anos dun dos acontecementos máis determinantes da historia contemporánea de España. O 17 de Xullo de 1936 as tropas do exército español destinadas en Marrocos sublévanse contra o poder republicano. O feito foi tan sobranceiro que aínda hoxe alporiza o seu tratamento en certos sectores da nosa sociedade, sendo mesmo utilizado nas campañas eleitorais de determinados partidos políticos. Falar delo dun xeito desapaixoadado e carente de xuízo ideolóxico é papel dos historiadores. Achéganos ata unhas circunstancias reais que nunca deberíamos esquecer, precisamente para non repetilo xamais.

A II República trouxo unha sensación de seu de aire fresco á sociedade española. A proclamación do novo sistema supoñía por unha banda botar abaixo a vella estrutura de poder monárquica, deixando saír de España a Alfonso XIII, pero por outra tamén significaba o ascenso dunha nova clase política. Estes novos sectores pretendían acadar unha renovación profunda dos modos de facer política, aínda que soio o conseguiron en parte, necesitados da axuda das vellas relacións clientelares. Deste xeito, durante a II República o caciquismo desbotouse soio nos seus aspectos máis superficiais. Á marxe desta aparente contradición o certo é que por tódalas parroquias galegas multiplicouse o número de organizacións e asociacións, non só políticas senón tamén agrarias, culturais, deportivas, etc. Nesta comarca brigantina en concreto, foron moitos os sindicatos labregos que se conformaron a carón dos novos ventos que traía o sistema.

Pero non nos podemos esquecer da estrema vinculación entre sociedade e política nos anos trinta en toda Europa. Esta converxencia de intereses diferenciaba calquera tipo de asociación nas 'esquerdas' ou 'dereitas', moitas veces sen deterse a ollar a súa actividade, senón fixándose simplemente nas persoas que estiveran detrás dela. É sabido que cara ó exterior as organizacións de carácter político artéllanse segundo unha ideoloxía, un xeito determinado de entender a vida. Se ben esto pode ser certo a uns niveis estruturais xa importantes, como unha cámara de deputados, desde as perspectivas máis miudas dun home de a pé non é exactamente o mesmo, xa que no seu acotado círculo de relacións tense moi en conta o trato persoal.

A chegada da II República en Abril de 1931 supuxo para Galicia a entrada dunha nova forza política no poder: a 'Organización Republicana Gallega Autónoma' (ORGA). Proxectada como representante do republicanismo galego, estaba dirixida polo coruñés Santiago Casares Quiroga, quen provocou o achegamento ás formacións republicanas españolas, ata rematar en 1935 vencellando ORGA dentro do partido de 'Izquierda Republicana' de Azaña¹. A esquerda moderada republicana -coa axuda do PSOE-

* Emilio Grandío Seoane, coruñés, é Doctor en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela.

¹O único traballo feito ata o momento sobre a ORGA é o de Velasco, C., *A Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA) na II República e a súa incidencia no proceso autonómico*, Tesiña de Licenciatura, Santiago, 1981.

controlou os resortes do Estado ata as eleccións de Novembro de 1933. A ORGA facía o mesmo polo seu lado cos poderes políticos da maior parte de Galicia, sobre todo nas provincias da Coruña e Ourense. Sen embargo, o proceso electoral do inverno de 1933 deu un novo pulo ás forzas da dereita, acadando convertirla á CEDA no partido máis votado do Estado. Dirixida polo salmantino Gil Robles, a súa organización galega -a 'Unión Regional de Derechas' (URD)- participaba en todo do seu discurso confesional e reaccionario, sen apenas matices á marxe dunhas pequenas doses rexionalistas moi suaves².

O feito máis importante da creación dunha organización como a CEDA para o noso tema foi a capacidade de unión que demostrou a dereita galega. O sistema electoral da República favorecía a formación de grandes coalicións e os sectores conservadores víronse case forzados a colaborar nun proxecto común con que facer fronte ós partidos republicanos e de base obreira. No 18 de Xullo de 1936 a dereita sociolóxica xa tiña percorrido este proceso previo de abandonar as pequenas diferencias ideolóxicas, mentres que os sectores da esquerda loitaban entre eles por acadar as maiores cotas de poder.

O Goberno saído das eleccións de 1933 do Partido Radical coa axuda da CEDA non durou moito. A inestabilidade política era evidente, non só a nivel do Estado senón tamén nos gobernos locais. A intenciona fallida dun golpe de estado revolucionario en Outubro de 1934 por mor da concesión de tres carteiras ministeriais a homes da CEDA supuxo o peche durante meses de periódicos, asociacións e grupos de esquerda. No caso concreto do Concello de Betanzos significou a suspensión da maioría socialista. Tras esta data suspenderon a 8 concelleiros dun total de 14 que compoñían a corporación local, dos que 6 pertencían ó PSOE, entre eles o propio Alcalde Ramón Beade³.

No camiño percorrido polo concello brigantino nos anos da II República, debullábase unha crecente presenza dos socialistas. Así, en 1931 a corporación tiña 3 concelleiros deste partido, 5 en 1932 e 6 na data anteriormente sinalada⁴. A influencia persoal de Ramón Beade foi determinante no desenrolo do socialismo brigantino. Una mesta rede de sindicatos agrarios desta organización na comarca apoiaban o traballo do que foi deputado nas Cortes Constituintes. Os socialistas non se agrupaban en torno ó PSOE, senón arredor do seu sindicato UXT, froito do artellamento socialista no agro. Aínda cando as cousas se atopaban peor para o socialismo como en 1935, Beade continuaba tendo unha grande influencia dentro da bisbarra brigantina, como amosan os informes da Guardia Civil⁵.

Podemos dicir que os membros da UXT local non amosan apenas tendencias radicais, cando menos no seu discurso teórico, aínda que en ocasións xuntábanse cos afiliados á CNT na práctica⁶. Pero é de resaltar como os dirixentes uxetistas de Betanzos, Ramón Beade e Tomás López Datorre son considerados 'de matiz templado', aínda que no intre no que se realiza este informe -1935- estivesen preto 'electoralmente a partidos de

²Para ver o proceso que leva a CEDA na comarca de Betanzos ver Grandío, E., "La CEDA en el Partido Judicial de Betanzos: organización local y comportamiento electoral (1931-1936)", en *Anuario Brigantino* 1992, nº 15. Betanzos, 1993, páxs. 175-201.

³Composición de los Ayuntamientos de la provincia de La Coruña, a 1 de Marzo de 1936, en Arquivo do Reino de Galicia, Fondo Goberno Civil, Legaxo 2777.

⁴Idem.

⁵ARG, FGC, Legaxo 2691.

⁶A CNT brigantina contaba en 1936 con máis de 750 afiliados, xente moi nova e de baixa extracción social; segundo Torres Regueiro, "O movemento obreiro e agrario no Betanzos da II República", en VV. AA., *Os conquistadores modernos. Movemento obreiro na Galicia de anteguerra*, A Nosa Terra, Vigo, 1992, páxs. 93 e 95.

franca izquierda'. Aínda despois da prohibición da súa propaganda e da destitución dos seus representantes no concello, os socialistas tiñan unha estimación de voto do 20%, sendo o municipio da provincia da Coruña onde o PSOE tiña unha maior pegada electoral⁷. A súa importancia non estaba restrinxida unicamente á bisbarra, senón que é a organización que marca as orientacións do agrarismo socialista de toda Galicia⁸.

Deste xeito, é un feito o ascenso dunhas novas elites directivas locais durante a II República en boa parte de Galicia. Pola súa banda o socialismo brigantino dominou con autoridade a dinámica da corporación local durante o periplo republicano agás no período comprendido entre Outubro de 1934 e as eleccións de Febreiro de 1936. Foi precisamente neste intervalo de tempo cando a dereita retoma o control do concello,



Antolín Sánchez Valeiro. AMB.

apoiándose nunha designación provisional do seu cargo, que tendo en conta a inestabilidade política se convertía case en definitiva. Se ben nos primeiros meses o Concello estivo nas mans dun orguista, Novo Rodríguez, a folga xeral de Maio de 1935 provocou o pase da cabeza do concello a un radical, Víctor Cancela Noguerol. Este gobernou co apoio dos seus concelleiros xunto ós outros 7 da CEDA, o que trasladaba á corporación local o pacto de goberno do Estado⁹.

A realidade social meses antes das eleccións de Febreiro de 1936 era dunha aberta confrontación dialéctica entre a esquerda socialista -sen representación nos seus cargos públicos- e a dereita da CEDA. Os radicais foron quedando cada vez máis aillados nunha posición de centro, non só na comarca de Betanzos senón tamén nas áreas de Ferrol e A Coruña.

A CEDA representaba nestes intreos as posicións da dereita española despois dun rápido proceso de unificación. Precisamente o curto período de tempo no que se formou, debido á necesidade urxente de facer fronte ás reformas dos primeiros gobernos republicanos, provocou a absorción de todos aqueles sectores do conservadurismo que non aceptaban o sistema republicano máis que na parte na que podían tocar o poder. A pesares do arraigo que tiña o Bloque Nacional e o seu líder Calvo Sotelo en Galicia, a organización de dereitas permaneceu en bloque dentro da CEDA, como a vía máis eficaz de acadar uns bós resultados nas urnas. Deste xeito, a propaganda da CEDA nestas eleccións de Febreiro de 1936 foi maximalista e apocalíptica, pedindo unha maioría forte no parlamento coa que poder levar a cabo o desartellamento do sistema republicano. A esquerda presentouse unida dentro da coalición 'Frente Popular'. As tentativas da unión

⁷ARG, FGC, Legaxo 2691.

⁸Ver González Probados, M., *Movemento Obreiro e Socialismo. A Coruña, 1931-1933*, Edicións do Castro, A Coruña, 1983; e tamén do mesmo autor, *O Socialismo na II República, 1931-1936*, Edicións do Castro, A Coruña, 1992.

⁹Este non foi un feito singular de Betanzos, senón que tamén ocorre na maior parte dos concellos da provincia da Coruña; ARG, FGC, Legaxo 2691.

da esquerda xa se tiñan posto de manifesto dende principios de 1935, e supón a aceptación das premisas da 'Internacional Comunista', feito que tamén se produciu en Francia¹⁰.

O proceso electoral transcurriu dentro dun forte -e en ocasións agresivo- compoñente político, o que contribuía á confrontación de dous bloques antagónicos dotados ambos dun discurso que excluía nas súas tarefas de goberno ó contrario. De tal xeito foi a loita electoral en Betanzos que poucos días antes das eleccións o Concello pediu un reforzo de seis parellas da Guardia Civil ou de Asalto 'puesto que fuerza concentrada no alcanza a cubrir servizos necesarios y garantizar orden, en este Municipio donde tienen asiento asociaciones extremistas que requieren mayores medidas vigilancia'. Pola súa parte os Xulgados locais de Primeira Instancia solicitaban do Goberno Civil un automóvil, 'para poder efectuar los desplazamientos necesarios como consecuencia de las denuncias que puedan producirse con motivo de la celebración de las elecciones'¹¹.

No que respecta ós resultados destas eleccións, a poboación de Betanzos volveu reafirmar o apoio que a candidatura de esquerdas recibira en Novembro de 1933. Os candidatos máis votados nas eleccións de 1936 foron, Beade -socialista- e González López -de 'Izquierda Republicana'- cun total de 2.349 votos, mentres que o candidato da dereita cunha maior votación foi o tamén brigantino e cedista Antolín Sánchez Valeiro con 1.261 votos¹². O sistema democrático seguía sen ser moi ben asumido por certos sectores da poboación de Betanzos, e poucos días despois do remate das eleccións manifestantes de esquerdas asaltaron os locais da CEDA, provocando graves incidentes de orde pública¹³.

A victoria das candidaturas do FP no Estado provocou unha situación extrema, tanto nas dereitas como nas esquerdas. Estas últimas utilizaron os cinco meses desde Febreiro ata Xullo de 1936 para iniciar novas reformas, cun carácter moito máis favorable ás clases populares que as de 1931-1933. Boa parte dos sectores conservadores viron como trala derrota nas urnas as súas esperanzas esvaíanse como azucre na auga, e decidiron pensar en adoptar medidas drásticas, entre as que non se excluía a utilización da forza.

Os oito concelleiros suspendidos pola súa afiliación en Outubro de 1934 vían agora recobrar os seus postos na corporación segundo unha das primeiras circulares feitas polo Ministerio de Gobernación da FP¹⁴. O goberno local de López Datorre, co apoio maioritario das urnas, apostou por levar adiante o seu programa de reforma social. Así, durante a primavera o Concello obrigaba ós propietarios a entregar o 10% do seu trigo e depositalo na Casa do Pobo¹⁵. Como se pode comprobar por estas medidas, agora son os sectores conservadores os que perden o control do goberno da cidade. Toda actividade política de dereitas foi abandonada, non só pola oposición decidida do goberno local, senón pola convicción de que había que cambiar un sistema que nunca lles agradara¹⁶. As

¹⁰Ver Santos Juliá, *Orígenes del Frente Popular en España (1934-1936)*; Siglo XXI, Madrid, 1979.

¹¹As dúas cartas datan do 14 de Febreiro de 1936 e proceden do Arquivo Municipal de Betanzos, Sección Orde Pública, Caixa 1075.

¹²Deputación Provincial da Coruña, *Actas Eleccións Febreiro 1936*, Término Municipal de Betanzos, Caixas 516/H-4 y ss.

¹³Según cita José M. Gil Robles no seu libro de memorias *No fué posible la paz*, Ariel, Barcelona, 1967, páx. 637.

¹⁴ARG, FGC, Legaxo 2777.

¹⁵Fernández, C., *La Guerra Civil en Galicia*, La Voz de Galicia, 1986, páx. 15.

¹⁶Eric Hobsbawm define deste xeito a percepción da situación pola dereita:

En ese momento, fracasada la política ortodoxa de la derecha, España retornó a la fórmula política que había sido el primer país en practicar y que se había convertido en uno de sus rasgos característicos: el

dereitas que patrocinan esta idea son as mesmas denunciadas como 'antirepublicanos y fascistas' nun folleto da CNT local do 30 de Maio de 1933, apuntando cara certos membros das sociedades 'Círculo Mercantil' e 'Brigo'¹⁷.

Toda a estrutura ideolóxica dos sectores conservadores se lles veu abaixo. Agás algunhas minorías, os integrantes e simpatizantes das asociacións de dereitas, chamáranse CEDA, BN, Renovación Española ou Falange, nunca confiaron no sistema republicano máis que como marco para a defensa dos seus intereses. A súa participación dentro do sistema republicano tiña un carácter de comenencia. Deste xeito, foi moi doado unir a toda a dereita sociolóxica detrás do exército para rachar coa democracia parlamentaria.

Se ben a causa esgrimida polos sublevados foi o asasinato de Calvo Sotelo o 13 de Xullo, está suficientemente comprobado o feito de que a trama conspiratoria iniciábase moito antes, practicamente dende o día despois das eleccións de Febreiro de 1936. Desde o punto de vista estratéxico, a cidade de Betanzos era moi importante pola súa situación a medio camiño entre a Capitania Xeral da Coruña e a Base Naval do Ferrol. A perda rápida destas dúas a mans do exército foi decisiva para o control de Galicia polos sublevados.

O día 20 pola tarde sae dende A Coruña -xa tomada- un camión con Guardias Civiles e unha ametralladora con destino a Betanzos. Á altura de Guísamo caen nunha emboscada e regresan á capital herculina, co resultado dun morto e dous feridos¹⁸. Pero a oposición das asociacións agrarias de esquerda da bisbarra tivo un carácter retardatario da victoria dos militares, máis que unha operación militar organizada.

Finalmente, tras dous días de altercados na cidade, o 22 de Xullo a Guardia Civil, acompañada dalgúns civís e dirixida por dous Tenentes de Navio, tomou Betanzos. Na tardiña dese mesmo día unha columna procedente da Coruña -que controlara o camiño dende Sada- apoiou a ofensiva da mañá¹⁹. Para controlar a cidade necesitáronse aplicar tódalas medidas de forza, e mesmo chegou a voarse a Ponte Nova, o que obrigou a dar un importante rodeo ás tropas que procedían da Coruña²⁰. Uns días máis tarde, unha



Santiago Moretón Simón. AMB.

pronunciamiento o golpe militar. Pero de la misma forma que la izquierda española importó del otro lado de sus fronteras el frentepopulismo, la derecha española se aproximó a las potencias fascistas. Ello no se hizo a través del pequeño movimiento fascista local, la Falange, sino de la Iglesia y los monárquicos, que no veían diferencias entre los liberales y los comunistas, ambos ateos, y que rechazaban la posibilidad de llegar a un compromiso con cualquiera de los dos; Hobsbawn, E., *Historia del siglo XX*, Crítica, 1995, pág. 163.

¹⁷*Y si en nuestra conciencia tuviese cabida el bajo papel de la delación, sacaríamos de nuestro archivo a la luz pública los nombres de las personas y lugar donde bajo el emblema de la cruz evástica se reúnen con cierta frecuencia a hacer instrucción militar y ejercicios de tiro, sen que el Teniente de la Guardia Civil ponga este hecho en conocimiento de sus superiores ;* AMB, SOP, Caixa 1074. Tamén citado por Torres Regueiro, op. cit., pág. 116.

¹⁸Segundo Arrarás, J., *Historia de la Cruzada Española*, Madrid, 1939, Tomo III, pág. 522.

¹⁹Máiz, B., *Galicia na II República e baixo o franquismo*, Xerais, Vigo, 1988, páxs. 55-56.

²⁰'La Voz de Galicia', 25 de Xullo de 1936.

sección de Infantería ó mando do Tenente Salvador García Losada 'pacificou' completamente a cidade, recolleu un cargamento de patacas e fabas e foise cara a capital herculina²¹. A resistencia dos elementos republicanos debeu ser bastante importante, aínda que a súa posición xeográfica entre os dous obxectivos militares da Coruña e Ferrol botou por terra tódolos intentos de resistir algúns días como sucedeu en Tui.

O 27 de Xullo reúnese a primeira Comisión Xestora municipal dos sublevados no Concello de Betanzos, presidida polo Delegado Gubernativo Militar, Ángel González Vázquez. A primeira composición desta Comisión é a seguinte: Ezequiel Núñez y Núñez, Francisco Lafont Cabanas, Santiago Moretón Simón, Raúl Fernández Meás e Vicente Castro Aguiar -o que non asistiu 'por una misión de la Comandancia Militar'-²². De todos eles unicamente é coñecida a presenza do comerciante Santiago Moretón na CEDA local, o que confirma a opinión de que os primeiros homes encargados de controlar os municipios non son elixidos polas súas habilidades no campo da política, senón como consecuencia da súa posición social na comunidade²³. Os compoñentes da Xestora convertíanse deste xeito na cabeza visible do Concello nos primeiros meses, nunha situación tensa e dramática.

Nesta primeira sesión o Presidente dirixiu unhas palabras ós seus compañeiros da Xestora invitándolles a 'que coadyuven en interés del pueblo brigantino, a fin de obtener la tranquilidad pública, que a todos interesa'²⁴. O seu discurso é conciso e en aparencia conciliador dentro dunha realidade xa de seu perigosa, no medio dunha guerra entre irmáns. Por suposto tódolos vestixios da corporación anterior desapareceran, pero o ensañamento cos perdedores foi moito menor que noutras zonas de Galicia, sempre e cando este tipo de actitudes se poidan calibrar dalgun xeito. Nesta mesma sesión presentaron o seu cese o antigo Capataz da Cuadrilla de Limpeza José Purriños Conles, o Carteiro José Sánchez Mata e o Caixeiro da Banda Municipal Antonio Sánchez Deive. Moí distinta foi, por exemplo, a actitude dos sublevados no Concello de Ferrol, ós que despois dun tiroteo cos socialistas no mesmo local municipal, arrincaron as follas das derradeiras sesións da corporación da FP e deixaron constancia no Libro de Actas da condeia a morte do ata aquel intre Alcalde republicano Quintanilla, ademáis do fusilamento e presidio dos concelleiros de esquerdas²⁵.

Os compoñentes da Xestora brigantina foron encargados en principio das seguintes Comisións municipais: Obras Públicas e Alumado -Lafont-, Mercados e Abasto Público -Moretón-, Policía Urbana e Guardia Municipal -Núñez-, Facenda e Oficinas Centrais -Fernández Meás-, e Beneficencia e Cemiterios -Castro Aguiar-. As súas reunións fixéronse os luns ás sete da tarde en sesión ordinaria, e os mércores á mesma hora nas consideradas como supletorias.

Dúas son as medidas concretas adoptadas nesta primeira reunión. En primeiro lugar liquidar os Presupostos do Concello en 1935, derradeiros aprobados durante o período republicano, e pechando deste xeito calquera tipo de relación coa anterior corporación²⁶. Acordouse tamén trasladar o Mercado de Legumes ó tradicional lugar da Rúa de

²¹'La Voz de Galicia', 26 de Xullo de 1936.

²²Libro de Actas do Concello de Betanzos, AMB, Caixa 51, sesión do 27 de Xullo de 1936.

²³Santiago Moretón Simón foi fundador da 'Unión de Derechas de Betanzos' no mes de Xullo de 1932, e permaneceu na súa directiva ata a súa primeira autodisolución en Outubro de 1933; ARG, FGC, Legaxo 1792.

²⁴LA, AMB, Caixa 51, 27 de Xullo de 1936.

²⁵Ver Grandío, E., "O Concello de Ferrol e a Segunda República (1931-1936): a imposibilidade da política como medio de relación social", *Anuario Brigantino 1993*, Betanzos, 1994, páx. 169.

²⁶ Os Presupostos do Concello en 1935 pecharonse cun saldo positivo de 124.282 pts.; LA, AMB, Caixa 51, 27-Xullo-36.

Santiago, deixando o emprazamento da Pescadería utilizado nas últimas datas. Os intereses do comercio brigantino estaban detrás deste cambio e poñíanse de manifesto nas primeiras medidas da Xestora.

A importancia dos comerciantes e propietarios foi moi nítida á vista das disposicións adoptadas nestas primeiras xornadas, cecais coma compensación ós últimos meses do FP. Deste xeito á segunda sesión da Comisión Xestora, celebrada unha semana despois, asistiron ademais dos seus membros os delegados dos propietarios Maximino González Bouza, Juan Teijeiro Bouza, Emilio Romay Montoto e Agustín Concheiro Golpe²⁷. Neste día procedeuse ó reparto de cotas de contribución especial ás persoas beneficiadas polo proxecto de alcantarillado da zona comercial, obra de carácter prioritario para estes sectores²⁸. Hai que destacar o feito de que as primeiras medidas adoptadas pola Xestora sexan precisamente as de atender ás demandas reais dos grupos sociais medio-altos. Non existe unha xustificación ideolóxica moi clara debaixo destas disposicións, senón que o troco político constitúese na causa que facilita unha mellora da situación do comercio local. Poucas veces se pode observar máis nítidamente os intereses reais dunha parte da sociedade, por baixo de artellos ideolóxicos.

De tódolos xeitos, a situación naqueles intre non era precisamente para estar ledo, nin por un bando nin por outro. Un enconado enfrentamento entre irmáns percorre a xeografía española, e na galega o control nuns días de tódolos seus centros de poder provocou unha sistemática represión de todo aquilo que tivera o mínimo cheiro a política. Neste ambiente era imposible que se poideran celebrar festas, nunha época de verán especialmente socorrida en Galicia para este tipo de manifestacións populares. A Xestora brigantina atende ó soterrado sentimento de dor que xurdía da comunidade, con numerosos fuxidos polo monte ou represaliados por motivos políticos, e suspendeu o San Roque 'en atención a las circunstancias por las que atravesamos'. Ninguén protestou este feito, nin tan sequera os industriais ós que se lle encargara algún traballo para as 'fiestas profanas'²⁹.

Á marxe das primeiras renuncias, disposicións superiores obrigaron á Xestora a depurar de xeito urxente o seu cadro de persoal. O Xeneral-Xefe do Exército do Norte enviou un telegrama ó Comandante Militar da 8ª División, que á súa vez remitiu ó Delegado de Orde Público de Betanzos o 6 de Agosto de 1936 coa intención de controlar os elementos marxistas da comarca. A mensaxe comunicaba o seguinte:

*Precisa desarme absoluto rápidamente pueblos elementos no afectos... Disponga separar de Ayuntamientos, Telégrafos, Teléfonos y Correos a personal opuesto movimiento. Active recluta paisanos en los pueblos instruyéndolos someramente por Oficiales Ejército retirados o Guardias Civiles*³⁰

Ó día seguinte convocouse unha reunión da Xestora de carácter extraordinario co obxectivo de atender esta orde. O Presidente reclamou en primeiro lugar informes ós Xefes de Oficina e de Persoal do Concello, con resultado negativo, xa que manifestaron que non tiñan queixa no referente ó 'cumplimiento del deber de cada uno'. O seguinte paso foi pedir os informes á Guardia Civil local, quen sinalou a un total de nove

²⁷ A implicación e apoio destes sectores ó cambio de réxime foi incuestionable: o comerciante Agustín Concheiro e o abogado Emilio Romay eran membros da 'Asociación de propietarios de fincas rústicas de Betanzos y su partido judicial' e da 'Unión de Derechas' local; ARG, FGC, Legaxo 1792.

²⁸ LA, AMB, Caixa 51, 3-Agosto-36.

²⁹ LA, AMB, Caixa 51, 3-Agosto-36 e 10-Agosto-36.

³⁰ LA, AMB, Caixa 51, 7-Agosto-36.

funcionarios. Evidentemente foron separados dos seus cargos, pero a Xestora fíxoo por mor das circunstancias dunha situación tan dramática. Non existen moitos sitios como Betanzos onde a depuración de empregados municipais fose lamentada dende as propias actas³¹.

A firmeza das autoridades dos sublevados comezaba a aplicarse dentro das súas propias filas. Aquelo xa non era unha rápida toma de poder dos aparatos de goberno, senón que se convertira nun fraccionamento da sociedade local, entre os 'nacionais' e os 'roxos'. Frente a esta situación a disciplina militar converteuse nunha máis das armas utilizadas contra o inimigo.

Do espírito cuarteleiro que enchía a corporación brigantina dá boa proba o proceso polo que se destituiu ó Guardia Municipal Basilio Gabín Cortés, na Sesión Extraordinaria do 24 de Novembro, 'por repetidos casos de embriaguez'. Despois da consulta a varias testemuñas determinouse que o referido Guardia abusaba do alcohol na súa ronda de vixilancia nocturna polos Soportais do Campo ata caer durmido. Moitas veces os compañeiros chamaban á súa muller para que o fora recoller, pero unha denuncia provocou a apertura do Expediente, e pola súa reincidencia a destitución inmediata do seu cargo³².

Nos anos da guerra a situación era perigosa e nalgúns intres desconcertante, sobre todo nos primeiros días. Paseniñamente a poboación foi collendo o seu ritmo cotián. A partires do mes de Agosto a actividade da corporación brigantina estabilízase, xa que ata Novembro non se celebran máis sesións. O número de integrantes da Xestora continúa sendo moi reducido, seguindo as consignas da Junta de Defensa Nacional de Burgos³³.

O 17 de Outubro o Gobernador Civil da Coruña, por medio do Boletín Oficial da Provincia, insiste na constitución das Comisións Xestoras dos Concellos, ampliando ata dezaseis o número de concelleiros na corporación brigantina. Esta ampliada corporación constitúese o 12 de Novembro e está composta polos seguintes membros: Ángel González Vázquez -Presidente-, Juan Jesús García Iribarne -1º Tenente de Alcalde e tamén antigo dirixente da CEDA-, Andrés Sarrot Golpe -2º Tenente-, Gonzalo González y González -3º Tenente-, Santiago Moretón Simón -Síndico-, Marcelino Garrido Vázquez, Antonio Pérez López, Luís Soto López, José Maceiras Saya, Ángel Vázquez Vales, Antonio Pérez Lago, Félix Martín Hernández, Alonso Pérez y Pérez -Concelleiros propietarios-, e Valentín Otero Couce, Isidro Diz Porto e Antonio Presedo Porto

³¹ Os depurados nesta primeira orde foron os seguintes:

Ramón Ramallal Rumbo, Interventor de fondos, de ideología y fé arraigada marxista; Francisco Fernández López, Auxiliar de Secretaria, propagador de fé de ideas marxistas; Germán López Doval, Alguacil, y José Taibo García, Alguacil, ambos socialistas extremistas; José Fernández Crespo, peón de la cuadrilla de limpieza, ideas destacadas de marxista; Antonio Lagares Gómez, Inspector de Arbitrios, Germán López Pérez y José Barral Bello, del mismo ramo, los tres son entusiastas convencidos del ideal marxista; y el músico Antonio Sánchez Deive, destacado y de fé extremista sindicalista.

O final da sesión se decía o seguinte:

El Sr. Presidente dijo que visto el escrito inserto de la Comandancia de la Guardia Civil, aún lamentándolo muchísimo, entiendo que no queda más remedio que acordar la separación de sus cargos de estos funcionarios; las dos citas proceden del LA, AMB, Caixa 51, 7-Agosto-36.

³² LA, AMB, Caixa 51, 24-Novembro-36.

³³ Unha disposición do 30 de Setembro de 1936 asinada polo responsable da Junta de Defensa, Miguel Cabanellas, indicaba o seguinte:

El municipio, piedra en la que se apoya la vida del Estado debe huir del parlamentarismo, conforme se expresa en la exposición de motivos del Estatuto Municipal del 8 de Marzo de 1924, y para conseguirlo se precisa que sea administrado normalmente por reducido número de personas, sen perjuicio de una intervención más amplia para casos que requieran un mayor contraste de opiniones; Crónica de la Guerra Española, Codex, Bos Aires, 1966, Tomo II, páx. 302.

-Concelleiros suplentes-. Todos eles manifestaron que aceptaban os cargos para os que foron propostos, 'orgullosos de la distinción de que se les hacía objeto, y que pondrían su mayor empeño en la buena marcha del Ayuntamiento, sen regates de sacrificios'³⁴.

Dende este intre ábrese unha nova etapa na administración local. 'Pacificado' o Concello e localizados e controlados na súa maior parte os elementos potencialmente subversivos, o seguinte paso era darlle á representación municipal unha continuidade. A xestión dos asuntos da comunidade tiña que continuar e para elo foi normal reclutar xente o suficientemente convencida da causa e ó mesmo tempo 'ideolóxicamente tibia', na que poder influir sen moito perigo de réplica ou de ambicións persoais. Unha boa definición das características destes concelleiros foi dada nun informe que recibiu o Goberno Civil da Coruña sobre os integrantes do Concello de Ponteceso:

*Es gente rústica, buena, honrada, religiosa, independiente y apolítica. Ninguno desempeñó cargo público. Los primeros son, dentro de su rusticismo, más cultos y presentables*³⁵

Esta foi a tónica xeral de comportamento de boa parte das persoas elixidas para os Concellos da provincia da Coruña. Como xa poidemos ollar nas anteriores liñas, no caso que nos ocupa son os comerciantes e antigos militantes da CEDA os que toman o control do Concello nestes primeiros meses.

Dende que se nomea esta nova corporación a situación estabilízase, chegando mesmo a pensar na utilización do presuposto de tres mil pesetas ó non celebrarse as festas de San Roque para a celebración da toma de Madrid polas tropas de Franco, feito este considerado inminente dende os primeiros días de Novembro³⁶. Isto provocou un forte debate dentro da corporación sobre a conveniencia de festexos nestes intres. Hai que destacar a singularidade destas discusións que reflectían distintos puntos de vista nunha sociedade que pretendía presentarse ó exterior moi homoxénea nos seus proxectos ideolóxicos. Betanzos foi unha das escasas corporacións nas que o diálogo funcionou en parte, chegando mesmo a ensergar nas sesións un apartado de 'Rogos e preguntas', inaudito nunha situación de guerra. Aínda que en caso de dúbida a decisión final correspondíalle ó Delegado Gubernativo e Presidente, os restantes membros da reunión



Juan Jesús García Iribarne. AMB.

³⁴ O Presidente declarou nesta primeira sesión dende o 10 de Agosto que 'no era partidario de discursos sino de hechos, que era el medio más fácil para hacer labor'; LA, AMB, Caixa 51, 12-Novembro-36.

³⁵ Grandío, E., "El primer personal político del franquismo en la provincia de Coruña. Cambio y continuidad de las élites políticas municipales durante la Guerra Civil en la retaguardia nacional (1936-1939)". *El Régimen de Franco*, UNED, Madrid, 1993, Tomo I, pag. 72.

³⁶ LA, AMB, Caixa 51, 16-Novembro-36.

podían facer as obxeccións que quixeran, sempre dentro dos valores 'nacional-católicos', cun importante peso específico dos pequenos industriais da cidade.

A desaparición da idea de provisionalidade do réxime provocou o achegamento da nova corporación á proxección da xestión do Concello. Neste mesmo mes apróbanse os presupostos para 1937, cunhas liñas preferenciais ben definidas. Deste xeito a cantidade presupostada para ese ano ascendía a preto de catrocentas mil pts., en concreto, 388.639'44 pts. O apartado de 'Obligacións Xerais' levábase a maior parte deste presuposto, 117.448'02 pts., o 30% do total. En canto ás cantidades por conceptos en segundo lugar encontrábase o destinado á 'Instrucción Pública' con 37.970'25 pts., cunha porcentaxe relativa do 9'7%.

Pero existían tres capítulos destes Presupostos que moi ben poderían conceptuarse como un, concretamente o Terceiro, Cuarto e Quinto que respondían ós apartados de 'Vixilancia e Seguridade', 'Policía Urbana e Rural' e 'Administración, Inspección, Vixilancia e Investigación'. Entre os tres sumaban un total de 87.641'50 pts., o 22'5% do total, é dicir, que aproximadamente unha cuarta parte do presupostado para 1937 destinábase á vixilancia e seguridade do Concello nunha permanente situación bélica³⁷.

O certo era que a partires de Novembro de 1936 a actividade do Concello estabilízase, aínda que sempre dentro de certas pautas. Cunha morea de refuxiados, fuxidos ou mortos no bando republicano a situación podía estoupar en poucos meses, senón se poñían os medios necesarios para prevela. O predominio dos sectores militares durante preto de corenta anos veu orixinado polos comezos do propio sistema, amosando a homoxeneidade dos cuarteis como unha 'virtude social'. □

³⁷ Ó carón destes apartados existían outros como os de 'Representación do Concello' (2.000 pts.), 'Asistencia Social' (4.300) ou 'Fomento dos intereses comunais' (6.000) que non sobrepasaban no mellor dos casos o 1'5% dos Presupostos; LA, AMB, Caixa 51, 24-Novembro-36.